

A docencia da medicina de familia en Galicia

Jesús Sueiro Justel

PRESIDENTE DA AGAMFEC. MÉDICO DE FAMILIA. AMBULATORIO CONCEPCIÓN ARENAL. SANTIAGO DE COMPOSTELA

Xa hai 4 anos que lle transmitimos á administración sanitaria a nosa grande preocupación pola situación dos titores de medicina de familia en Galicia. Despois dun estudo das unidades docentes, comprobouse que o 75% dos titores tiñamos nese momento máis de 55 anos, e dado que a "xubilación" do titor se produce 3 anos antes da xubilación laboral, en 7 anos a situación sería incompatible coa formación de residentes se non houbera unha medida que favorecese a incorporación de novos (e xoves!) titores nos centros docentes. Como todos sabemos, estes centros adoitan estar nas grandes cidades galegas e o seu contorno, e o acceso ás prazas soamente se contempla pola antigüidade. A dinámica dos derradeiros tempos amósanos que as prazas se cobren por compañeiros con moita experiencia laboral, pero cunha idade pouco dada a desempeños docentes. Despois de 4 anos e coas medidas que non tomou a administración, a situación actual podemos dicir que se resume en que o 75% dos titores temos 59 anos polo menos e o tempo de situación crítica da docencia acurtouse a 3 anos.

Como a falta de previsión non é consustancial a docencia, estamos nunha década na que as xubilacións dos profesionais vai ser masiva e fan falta máis médicos de familia para cubrir o recambio xeracional.

Curiosamente a medida que se lles ocorre é aumentar o número de residentes cando a oferta por falta de titores esta en declive progresivo. Estamos pois ante un escenario de tormenta perfecta: necesitamos máis médicos de familia e non hai quen os forme e, ademais, pasaremos unha temporada asumindo máis residentes dos aconsellables coa conseguinte perda de calidade docente.

Non se pode dicir que non temos avisado da situación e todo foron boas palabras, pero sin compromiso firme nin planeamento realista: o compromiso do profesional de ser titor si accede á praza non serve de moito, si no traslado a plaza do titor a ocupa un profesional de 60 anos. Dada a especial relación titor-residente en medicina de familia, non podemos pensar en servizos docentes como acontece nos hospitais, é fundamental un perfil específico para as prazas con baremos diferenciados que permita á xente máis nova e con máis interese na docencia poder acceder aos centros acreditados. Tampouco estorbarían algunhas medidas de promoción, axuda ou incentivación da docencia que ten sido produto da voluntariedade de apaixonados médicos de familia, cada vez máis desencantados. O tempo xa escasea e a confianza na administración hai tempo que está baixo mínimos. Temos motivos para seguir preocupados.